

REGULAMENTO MUNICIPAL DO REXISTRO DE PARELLAS DE FEITO

ARTIGO 1.- OBXECTO:

1.- Créase o Rexistro municipal de parellas de feito do Concello de Castrelo do Val para o cumprimento das súas competencias propias.

2.- O Rexistro de parellas de feito terá carácter administrativo e rexerá polo presente regulamento e demais disposicións que se poidan ditar no seu desenvolvemento.

ARTIGO 2.- ÁMBITO:

Poderán ser obxecto de inscrición no rexistro, todas as unións non matrimoniais de convivencia en parella, vinculadas de forma estable, por unha relación de afectividade, con independencia do seu sexo e sendo maiores de idade ou menores emancipados, sempre que cando menos un dos membros estea empadroado no Concello de Castrelo do Val.

ARTIGO 3.- REQUISITOS DAS INSCRICIÓNS:

1.- As inscricións que se poidan practicar no Rexistro municipal de parellas de feito realizaranse tras a solicitude conxuntas dos membros da parella, sendo requisitos para proceder a inscrición os seguintes:

- a) Ser maior de idade ou menor emancipado.
- b) Non ser parentes en liña recta por consanguinidade ou adopción en calquera grao de parentesco nin o ser na liña colateral por consanguinidade ou adopción dentro do 3º grao.
- c) Non estar incapacitado judicialmente para tal fin.
- d) Non estar ligado algún dos membros de parella de feito con vínculo matrimonial .
- e) Estar cando menos un dos membros empadroado no Concello de Castrelo do Val.
- f) Non figurar inscritos como membros doutra unión de feito que non estea cancelada ou anulada.

2.- Só as inscricións que fagan referencia á extinción da parella de feito poderán efectuarse a instancia dun dos membros, en cuxo caso notificaráselle ao outro membro.

3.- Co fin de xustificar o cumprimento dos anteriores requisitos, os interesados, comparecendo persoal e conjuntamente perante o funcionario/a que se encargue do rexistro, deberán portar xunto coa solicitude de inscrición, que asinarán ambos, os documentos seguintes:

- a) Copia do DNI , e no caso de estar emancipados, acreditarán dita circunstancia a través de certificado do Rexistro Civil ou escritura pública.
- b) Declaración de non ter relación de parentesco que non permita a inscrición.
- c) Declaración de non estar incapacitado para prestar consentimento.
- d) Certificado do Rexistro Civil relativo ao estado civil dos membros da unión.
- e) Certificado de empadramento .
- f) Declaración responsable de non figurar inscritos como membros doutra unión de feito.

ARTIGO 4.- ACTOS INSCRIBIBLES:

1.- Serán obxecto de inscrición no Rexistro de parellas de feito:

- a) As declaracións de constitución de parellas de feito tanto heterosexuais como homosexuais que convivan no Concello de Castrelo do Val, a súa modificación, así como a extinción destas circunstancias, calquera que sexa a súa causa.
- b) Mediante transcripción literal, inscribiránse os contratos reguladores das relacións persoais e patrimoniais dos membros da parella de feito.

2.- Non se poderá practicar ningunha inscrición no rexistro sen o cosentimento conxunto dos membros da parella de feito, salvo o previsto no artigo 3.2

ARTIGO 5.- CANCELACIÓN:

A disolución da parella obrigará aos seus membros a comunicala ao rexistro municipal, chegando que solicite a cancelación un deles.

Serán causas para proceder a cancelación da inscrición:

- Por mutuo acordo.
- Por morte ou declaración de falecemento dun dos seus integrantes.
- Por matrimonio de un dos seus membros.
- Pola vontade unilateral dun dos membros da parella, notificada fidedignamente ao outro.

Só se poderá practicar de oficio a cancelación por parte da administración se esta ten constancia da baixa dun dos membros do Padrón municipal de habitantes, debéndose comunicar previamente aos interesados.

ARTIGO 6.- PUBLICIDADE:

A publicidade do Rexistro municipal de parellas de feito quedará limitada exclusivamente á expedición de certificados a instancia de calquera dos membros da parella interesada ou dos xuíces ou tribunais de xustiza, coas limitacións e nos termos establecidos na Lei Orgánica 5/1992, do 29 de outubro, de regulación do tratamento automatizado de datos de carácter persoal e no artigo 37 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, referente a datos de carácter persoal que afecten dalgunha forma á intimidade ou privacidade das persoas físicas.

ARTIGO 7.- GRATUIDADE:

As incricións que se practiquen serán totalmente gratuítas. Respecto as certificacións que se expidan, estarán suxeitas ao establecido nas correspondentes ordenanzas fiscais do Concello de Castrelo do Val.

ARTIGO 8.- ÓRGANO COMPETENTE :

O Rexistro municipal de parellas de feito adscíbese á Secretaría xeral do concello, podendo delegarse a súa adscrición e xestión administrativa en calquera outra unidade administrativa deste concello.

ARTIGO 9.- LIBRO REXISTRO:

Procederase á apertura dun expediente por cada unha das solicitudes presentadas, onde ademais da instancia solicitando a inscrición da parella, se recollerá o conxunto de documentos relativos a ela, procedéndose a continuación á súa inscrición no Libro rexistro xeral, o cal constará de follas móbiles, numeradas, seladas e asinadas polo alcalde e a secretaria/o do concello.

A primeira inscrición de cada parella terá carácter de inscrición básica e na súa marxe anotarase a referencia a calquera outro asiento que se produza con posterioridade no Libro rexistro xeral relativo a esa parella.

O rexistro contará igualmente cun libro auxiliar ordenado polos apelidos das persoas inscritas no que se expresará o número das páxinas do libro xeral nas que existan anotacións que lles afecten.

ARTIGO 10.- EFECTOS:

As parellas que se inscriban no rexistro que regula o presente regulamento, producirán efectos dende o momento da súa inscrición e , no ámbito competencial deste concello, terán a mesma consideración xurídica e administrativa que as unións matrimoniais.

DISPOSICION FINAL ÚNICA:

O Presente regulamento entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente e cando sexa publicado o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcurra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local.

Castrelo do Val, a 26 de septiembre de 2006..

O Alcalde